



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e lugar, data e hora para a valoración do concurso. Proceso selectivo de unha praza de Profesor de música (50% xornada). Procedementos de estabilización de emprego temporal.

**Núm. Admvo. Expte:** 2023/E001/000006

**Expte. Decreto Núm.:** 2023/G003/000260

Visto o expediente que se tramita para os procesos selectivos correspondente a praza de estabilización de emprego temporal do Concello de Laxe incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, relativa a unha praza de PROFESOR DE MÚSICA, a xornada parcial do 50%, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, a través do sistema de selección de concurso de méritos, segundo as bases de selección que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm. 100 de 29 de maio de 2023, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios; publicándose o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 123, do 29 de xuño de 2023 e no Boletín Oficial do Estado núm. 205, do 28 de agosto de 2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 855/2023, de 19/10/2023 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas outorgándose un prazo de 10 días hábiles para emendas. A dita resolución foi publicada no BOP núm. 207, de 30/10/2023 e na sede electrónica do concello.

Rematado o prazo para a presentación de emendas, procede a aprobación definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e a fixar o lugar, data e hora para a valoración de méritos.

Esta Alcaldía, de conformidade coa base 5º e 7º das bases xerais que rexen este proceso selectivo, e en uso das facultades que lle están conferidas,

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Aprobar a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo antes referenciado, do xeito seguinte:

#### RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento Proba Galego
García Pose, Victor Manuel	***2475**	Si
Santalices Blanco, Miguel Emilio	***2714**	Si

#### RELACIÓN DEFINITIVA DE EXCLUIDOS:

Ningún

A inclusión dos aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas bases aprobadas.

**SEGUNDO.** Designar á Comisión de Selección prevista na base sétima que estará composta polos membros seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Presidenta: Rosa M<sup>a</sup> Buján Ordoñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis  
Suplente: María Garrote López, secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños

Vogais:

M<sup>a</sup> Silvana Facal Martínez, AEDL do Concello de Cabana de Bergantiños  
Suplente: Francisco Javier Novoa Juiz, secretario do Concello de Vimianzo

Miguel Gómez Iglesias, técnico superior de Xestión do Concello da Coruña  
Patricia Chas Filgueiras, interventora do Concello de Cabana de Bergantiños

Emilia Alborés Lema, AEDL do Concello de Laxe.  
Suplente: Julio Torreira López, monitor-coordinador deportivo do Concello de Laxe

Secretaria: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello  
Suplente: Alejandra D. Fandiño Sánchez, secretaria-interventora do Concello de Sobrado

**TERCEIRO.** Convocar aos membros da Comisión de Selección para a constitución da mesma e aos efectos de cualificación dos méritos da fase de concurso para o día 23 de abril de 2024, ás 12.30 h. na casa do Concello de Laxe, sita na Avda. Cesáreo Pondal núm. 26, de Laxe.

**CUARTO.** Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

Mándao e asínoa, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o Alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde,  
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A Secretaria-Interventora,  
Asdo. Begoña Carrasco García